ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS

María del Mar Mondragón Treviño (1 para 2)
OFICIAL SECRETARÍA
Data de Sinatura: 21/05/2021
HASH: 06598e24b72fb4f288343d1afa3733ce

Pelayo Celso Eyo Valladares (2 para 2)
ARQUITECTO TECNICO
Data de Sinatura: 21/05/2021
HASH: ff95093bb2bd9d9ce20d01a7767c4c2f

# DILIXENCIA DE APERTURA DOS SOBRES ÚNICOS *(ARQUIVOS ELECTRÓNICOS)* DAS OBRAS DE MELLORA AMBIENTAL E POSTA EN VALOR DO ENTORNO MUÍÑO A SECA E ACCESO CENTRO CULTURAL CORVILLÓN

Rematado o día 19/05/2021, ás 14.00 horas, o prazo de presentación das ofertas para tomar parte no procedemento de contratación aberto simplificado abreviado para as obras de **"MELLORA AMBIENTAL E POSTA EN VALOR DO ENTORNO MUIÑO A SECA E ACCESO CENTRO CULTURAL CORVILLÓN"** *(Expte. contratación nº 1769/2021)*, reúnense, como Unidade Técnica de Contratación, na Casa Consistorial, **o día 21 de maio de 2021**, as dez horas e once minutos, o arquitecto técnico municipal, D. Pelayo Eyo Valladares *(presencial)* e a funcionaria do Servizo de Contratación, Dª Mar Mondragón Treviño *(presencial)*, co obxecto de proceder a aperturar os sobres *(arquivos electrónicos)* presentados a través da ferramenta SILEX, polas empresas que toman parte no mencionado procedemento.

## Datos do contrato:

| **Expte. Subv. AGADER 1255/2019** | **Expte. Subv. Deputación 717/2021** | **Expte. Contratación 1769/2021** | |
|---|---|---|---|
| Tipo de contrato: **OBRAS** | | | |
| Obxecto do contrato: **MELLORA AMBIENTAL E POSTA EN VALOR DO ENTORNO DO MUÍÑO DE A SECA E ACCESO AO CENTRO SOCIO CULTURAL DE CORVILLÓN, CAMBADOS (PONTEVEDRA)** | | | |
| Procedemento de contratación: **Aberto simplificado abreviado** | | | |
| Tramitación: **Ordinaria.** | | | |
| Código CPV: **45112000-5 Traballos de escavación e movemento de terras. 45233200-1Traballos diversos de pavimentación. 45316100-6 Instalación de equipo de alumeado exterior. 45262620-3Muros de contención** | | | |
| Prezo estimado: **53.239,85 €** | | IVE: **11.180,37 €** | |
| Orzamento base de licitación: **64.420,22 €** | | | |
| Duración: **3 meses.** | | | |
| Aplicación orzamentaria **2021.1720.60901** | Proxecto de gasto **2021/0005.** | Retención de crédito Nº **OPERACIÓN: 2021/EP/003098** | Importe retido: **64.420,22 €.** |

| **EXPEDIENTE DE SUBVENCIÓN Nº 1255/2019 (AGADER) L20 1920 17 0134** | | |
|---|---|---|
| **Orzamento aceptado con IVE** | **Subvención concedida 60%** | **Fondos Municipais 40%** |
| **64.420,22** | **38.652,13** | **25.768,09** |
| Subvención aceptada por Decreto da Alcaldía nº 2020-1273, de data 22/10/2020. | | |

| **EXPEDIENTE DE SUBVENCIÓN Nº 717/2021 2021008572. DEPUTACIÓN PC2018-2019 (ANUALIDADE 2019)** | | | |
|---|---|---|---|
| **Orzamento IVE engadido** | **Subvención concedida 60% AGADER** | **Subvención 40% DEPUTACIÓN PC2019** | **Fondos (*)** |
| **64.420,22** | **38.652,13** | **25.768,09** | **0,00** |
| **(*)** A aportación municipal fináncia se con cargo á subvención outorgada pola Excma. Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2018-2019 (anualidade 2019) | | | |
| Subvención aceptada por Decreto da Alcaldía nº 2021-0252, de data 14/04/2021. | | | |

Cod. Validación: 6KNZ2RTCJQQ3D326ZHYRSZZ77 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

## 1º.- SILEX.- REXISTRO DE OFERTAS.

Seguidamente dáse lectura á certificación expedida polo SILEX, onde se indican as empresas que toman parte no procedemento de contratación das obras de **“MELLORA AMBIENTAL E POSTA EN VALOR DO ENTORNO MUIÑO A SECA E ACCESO CENTRO CULTURAL CORVILLÓN”** e que son as seguintes:

| Número de ofertas presentadas electrónicamente a través de SiLEX | 15 |
|---|---|
| **Empresa** | **Fecha de presentación** |
| ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES S.L | 19/05/2021 11:10 |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L. | 19/05/2021 13:20 |
| CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L. | 19/05/2021 13:51 |
| CONSTRUCCIONES VALE, S.L. | 19/05/2021 11:34 |
| CONSTRUCCIONES Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L. | 18/05/2021 19:42 |
| CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI S.L. | 19/05/2021 12:25 |
| COTO DE UZ, POYECTOS Y OBRAS S.L | 19/05/2021 13:59 |
| DEGALLE CONSTRUCCIONES S.A | 19/05/2021 13:50 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S L | 18/05/2021 16:30 |
| JESUS POMBO VIDAL S.L. | 19/05/2021 11:20 |
| MANTIDO SL | 19/05/2021 12:23 |
| MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA) | 19/05/2021 09:46 |
| NAROM SL | 19/05/2021 11:56 |
| OCISAT S.L | 19/05/2021 13:22 |
| ZONA DE OBRA O ROSAL S L | 18/05/2021 12:08 |

## 2.- TRANSCRICIÓN DA CLÁUSULA 10 DO PREGO RELATIVA AOS CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

*“...Para a valoración da oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a mellor calidade-prezo:*

***1.- PREZO**. Con respecto á mellor contía da baixa ofertada, aplicarase un valor de **2 PUNTOS á mellor das ofertas presentadas**, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor polo procedemento de regra de tres.*

***2.- REDUCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN.** Con respecto á redución do prazo de execución do contrato, establecido en 3 meses (90 días) con presentación dun diagrama de Gantt e un gráfico de Pert, aplicarase un valor de **4 PUNTOS** respectivamente, á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres.*

***3.- MELLORAS.** As ofertas relativas ás **melloras** de acordo coas propostas e puntuacións que se establecen no cadro seguinte:*

| *MELLORA 1* | *Puntuación* |
|---|---|
| ***Plantación de árbores.** Subministro e plantación de árbores de talla grande, subministrados en cepellón e plantación en furado 1,5x1,5x1,5 m., incluso apertura do mesmo cos medios manuais ou mecánicos necesarios, abonado, formación de alcorque, terra vexetal e primeira rega. Situados segundo plano e indicacións D.F.*<br>*ACER PSEUDOPLATANUS (2 unidades) tamaño grande.*<br>*QUERCUS ILEX (2 unidades) tamaño grande.*<br>*QUERCURS ROBUR (3 unidades) tamaño grande.*<br>*VALORACIÓN = 2.400,00 €* | ***1,44 PUNTOS*** |

Cod. Validación: 6KNZ2RTCJQQ3D326ZHYRSZZ77 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

| *MELLORA 2* | *Puntuación* |
|---|---|
| ***Plantación de plantas e arbustos.*** *Subministro e plantación de plantas e arbustos, subministrados en maceta ou cepellón e plantación en furado, incluso apertura do mesmo cos medios manuais ou mecánicos necesarios, abonado, terra vexetal e primeira rega. Situados segundo plano e indicacións D.F.*<br>*VACCINIUM MYRTILLUS (3 unidades)*<br>*CISTUS LADANIFER (5 unidades)*<br>*VIBURNUM OPULUS (4 unidades)*<br>*GLANDORA PROSTRATA (3 unidades)*<br>*VIBURNUM LANTANA (4 unidades)*<br>*BERBERIS VULGARIS (4 unidades).*<br>*VALORACIÓN = 920,00 €* | ***0,55 PUNTOS*** |

| *MELLORA 3* | *Puntuación* |
|---|---|
| ***Muro mampostería pedra tradicional H<=2m***. *Mampostería de pedra granítica, en muros e obras de contención e sostemento, en fustes e zapatas, con acabado rústico tradicional cara vista. Construído a base de pedra granítica cortada en bloque de peso superior aos 750 kg/ud. Cada bloque apoiarase pola súa cara inferior en outros dous polo menos, cada dúas sogas haberá un tizón de profundidade mínima vez e media á da fila, e no intradós terá un desplome de 0,10 m. por m. ripiado e terminado, segundo NTE-EFP-6, incluídos material, man de obra e transporte. Incluso escavación en todo tipo de terreo e recheo do trasdós con material filtrante necesario, limpeza e retirada de cascallos.*<br>*14m x 1,20m = 16,80 m2.*<br>*VALORACIÓN = 1.696,00 €* | ***1,01 PUNTOS*** |

## 3.- TRANSCRICIÓN DA CLÁUSULA 12 DO PREGO RELATIVA AOS CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

*“...Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia nun* ***prazo de cinco días hábiles*** *ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire aos seguintes valores:*

*a)O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.*
*b)As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.*
*c)A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.*
*d)O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.*
*e)Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.*

*No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.*

*Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:*

***Prezo***
*1.Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.*
*2.Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.*
*3.Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluirase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.*
*4.Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.*

***Prazo de execución:***
*Cando a oferta sexa igual ou inferior en máis de 1/3 á media dos prazos ofertados polos restantes concurrentes ou, no seu defecto, do prazo inicialmente previsto...”*

Cod. Validación: 6KNZ2RTCJQQ3D326ZHYRSZZ77 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

## 4º.- SILEX. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN,

**4.1.- COMPROBACIÓN DA PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES ANEXO I.** Procédese seguidamente a comprobar no ***SILEX***, a constancia das declaracións responsables (ANEXO I) presentadas polas empresas:

| | | |
|---|---|---|
| 1 | **DEGALLE CONSTRUCCIONES S.A.** | CONSTA |
| 2 | **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.** | CONSTA |
| 3 | **CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.** | CONSTA |
| 4 | **MANTIDO, S.L.** | CONSTA |
| 5 | **COTO DE UZ, PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (*)** | CONSTA |
| 6 | **JESUS POMBO VIDAL, S.L.** | CONSTA |
| 7 | **CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.** | CONSTA |
| 8 | **ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.** | CONSTA |
| 9 | **NAROM, S.L.** | CONSTA |
| 10 | **CONSTRUCCIONES Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L.** | CONSTA |
| 11 | **MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONST. DE AROSA, S.L. (MARCONSA) (*)** | CONSTA |
| 12 | **CONSTRUCCIONES VALE, S.L.** | CONSTA |
| 13 | **EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ PORTELA, S.L.** | CONSTA |
| 14 | **OCISAT, S.L. (*)** | CONSTA |
| 15 | **ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN Y EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)** | CONSTA |
| **OBSERVACIÓNS:** | | |
| * | **COTO DE UZ, PROYECTOS Y OBRAS, S.L.** En resposta ao requirimento telefónico, presenta a Declaración responsable debidamente subsanada (solapábase a información). | |
| * | **MARCONSA, S.L. e OCISAT, S.L.** En resposta aos requirimentos telefónicos presentan Declaración responsables, debidamente cumprimentadas, onde indican o nome e apelidos do persoal responsable de executar as obras. | |
| ■ | Comprobada constancia. As declaracións responsables quedan unidas ao Expte. Contratación **1769/2021**. | |

## 4.2.- APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS.

Procédese a transcribir os datos das ofertas económicas presentadas polas empresas ao cadro seguinte:

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Prezo estimado | IVE | Orzamento licitación | | EN PROXECTO 3 MESES | | | |
| | | 53.239,85 | 11.180,37 | 64.420,22 | | | MELLORAS OFERTADAS: | | |
| Nº | OFERTANTE | Prezo | Ive | Prezo Ofertado | Baixa | Prazo ofertado | Mellora 1 | Mellora 2 | Mellora 3 |
| 1 | DEGALLE, S.A. | 50.786,00 | 10.683,96 | 61.559,96 | 2.860,26 | 60 | SI | SI | SI |
| 2 | CALDEVERGAZO, S.L. | 47.800,00 | 10.038,00 | 57.838,00 | 6.582,22 | 45 | SI | SI | SI |
| 3 | ENRIQUE C. CASAS, S.L. | 52.664,86 | 11.059,62 | 63.724,48 | 695,74 | 30 | SI | SI | SI |
| 4 | MANTIDO, S.L. | 51.110,26 | 10.773,15 | 61.843,41 | 2.576,81 | 45 | SI | NON | NON |

Cod. Validación: 6KNZ2RTCJQQ3D326ZHYRSZZ77 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | **COTO DE UZ, S.L.** | **46.200,00** | **9.702,00** | **55.902,00** | **8.518,22** | **60 *** | **SI** | **SI** | **SI** |
| 6 | **POMBO VIDAL, S.L.** | **49.087,14** | **10.308,30** | **59.395,44** | **5.024,78** | **75** | **SI** | **SI** | **SI** |
| 7 | **MESSI, S.L.** | **50.056,11** | **10.511,78** | **60.567,89** | **3.852,33** | **75** | **SI** | **SI** | **SI** |
| 8 | **ZONA DE OBRA, S.L.** | **50.577,86** | **10.621,35** | **61.199,21** | **3.221,01** | **42** | **SI** | **SI** | **SI** |
| 9 | **NAROM, S.L.** | **53.223,14** | **11.176,86** | **64.400,00** | **20,22** | **60** | **SI** | **SI** | **NON** |
| 10 | **3 TORRES 2010, S.L.** | **45.253,87** | **9.503,31** | **54.757,18** | **9.663,04** | **60** | **SI** | **SI** | **SI** |
| 11 | **MARCONSA, S.L.** | **50.002,87** | **10.500,60** | **60.503,47** | **3.916,75** | **30** | **SI** | **SI** | **SI** |
| 12 | **VALE, S.L.** | **48.922,10** | **10.273,64** | **59.195,74** | **5.224,48** | **30** | **SI** | **SI** | **SI** |
| 13 | **PÉREZ PORTELA, S.L.** | **50.045,46** | **10.509,55** | **60.555,01** | **3.865,21** | **30** | **SI** | **SI** | **SI** |
| 14 | **OCISAT, S.L.** | **46.845,75** | **9.837,60** | **56.683,35** | **7.736,87** | **90** | **NO** | **NO** | **NO** |
| 15 | **ACEVI, S.L.** | **52.958,22** | **11.121,23** | **64.079,45** | **340,77** | **45** | **SI** | **SI** | **SI** |
| **OBSERVACIÓNS:** | | | | | | | | | |
| (*) | **COTO DE UZ, S.L.** En resposta ao requirimento telefónico, presenta escrito no aclara que o prazo de execución que será de 2 meses (60 días), xa que oferta económica constaban *2meses/39días naturais*, extremo que contradicía os diagramas de execución de obras presentados. | | | | | | | | |

**A Unidade Técnica de Contratación**, por unanimidade, acorda:

**Primeiro**. Que polo técnico municipal se emita informe relativo ao cálculo das proposicións incursas en presunción de anormalidade (prezo e prazo de execución) ou, no seu defecto, informe de proposta de adxudicación de acordo cos criterios e puntuacións establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

**Segundo**. Que, unha vez se dispoña do mencionado informe/proposta de adxudicación, se reúna novamente a Unidade Técnica de Contratación, co fin de adopta-los acordos que procedan.

**Terceiro**. Que se publique a presente Dilixencia nº 1 na Plataforma de Contratos de Galicia, na páxina Web e se notifique a tódolos los licitadores.

Rematado o trámite de apertura sendo ás trece horas e dous minutos, eséndese a presente Dilixencia, no lugar e data indicados no encabezamento, que asinan electronicamente os membros da Unidade Técnica de Contratación.

Cod. Validación: 6KNZ2RTCJQQ3D326ZHYRSZZ77 | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5